



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONVOCATORIA SUBVENCIONES: DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL, ANO 2024.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000630

ANTECEDENTES:

En cumprimento do previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, desenvolvida pola Base 21 de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2024, emítese a seguinte PROPOSTA DE BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL, ANO 2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras das subvencións a entidades culturais, deportivas, educativas e deportistas individuais para o ano 2024, que se concretan como segue:

1.- DISPOSICIONS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de A Laracha, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrência competitiva, tal e como se define na Base 21ª das de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E CRÉDITO ORZAMENTARIO DAS SUBVENCÍONS

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1.- Promoción de actividades Educativas: Escolarización, seguimento e control do absentismo escolar, promoción do desenvolvemento integral do alumno/a en aspectos tales como a calidade de vida, autodeterminación, estimulación cognitiva, comunicación, habilidades persoais e sociais, interdependencia, apoio e reforzo educativo, inserción lingüística instrumental e cultural, elaboración e aportación de materiais funxibles, actividades de mediación que promovan o acercamento das familias aos centros educativos, actividades socioeducativas como campamentos, excursións, ... que promovan a interacción de todo o alumnado independente das súas condicións/circunstancias, actuacións culturais ou deportivas a realizar no ámbito dos centros educativos públicos sitos no termo municipal de A Laracha, ben polos propios centros educativos, ben polas Asociacións de Alumnos dos centros, ben polas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos dos mesmos.

2.2.- Promoción de actividades culturais: Entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, encontros, foliadas, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e difusión dos valores culturais.

2.3.- Promoción de actividades deportivas: Este apartado ten como fin fomentar e apoiar a realización de actividade física ou deportiva. Entendéndose por isto, actividades tales como fomento de escolas deportivas, cursos, competicións federadas e non federadas, campus deportivos, torneos, campionatos, e en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

CRÉDITO ORZAMENTARIO



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O gasto derivado das subvencións se imputará as seguintes aplicacións e polos importes que se indican:

Aplicación	Finalidade	Importe
320.489.00	Promoción de actividades Educativas	10.000 €
334.489.00	Promoción de actividades culturais	34.500 €
341.489.00	Promoción de actividades deportivas	88.000 €
TOTAL		132.500 €

No obstante o anterior, de resultar economías entre as aplicacións anteriores recollidas nesta convocatoria conxunta e atoparse na mesma bolsa de vinculación, o importe sobrance poderase empregar en aumentar o importe das aplicacións restantes ata o límite conxunto que se sinala para o global da convocatoria.

Serán actividades obxecto de subvención ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2024.

Estas subvencións son compatibles con axudas/subvencións doutros organismos públicos ou privados. A suma dos importes destas axudas/subvencións non poderán superar o custo da actividade subvencionada.

3.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionables como:

a).- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto como: gastos de persoal (contratación de técnicos, deportistas, médicos, monitores, persoal de lavandería,...), contratación de servizos de empresas exteriores para o desenvolvemento de actividades (seguros, ambulancias, tempo libre, control inscricións, ...), aluguer de materiais (carpa, xeradores, desbrozadoras, cadeiras, mesas ...) equipamento cultural/deportivo/educativo non





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

inventariable, gastos de desprazamentos (tren, autobús, avión aloxamentos, manutención), gastos de actividade federativa (licenzas, arbitaxes, inscricións,..), avituallamento dos participantes (bebida, froita, bebidas enerxéticas, bocadillos,).

b).- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto como carteis, dípticos, trípticos, lonas publicitarias, agasallos, e gastos de xestoría para a solicitude e xustificación da subvención.

4.- EXCLUSIÓN

a).- Non se subvencionarán investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.

b).- Tampouco poden ser obxecto de subvención os gastos de mantemento ordinario como teléfono, luz, auga, gas, internet, ...,

5.-BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas presentes Bases as persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas, as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como obxecto de subvención así como os deportistas individuais.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades obxecto de subvención recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas, aínda que unicamente lles será concedida unha subvención.

6.-REQUISITOS:

6.1.- Entidades e Agrupacións sen personalidade xurídica:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

a).- Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións ou ter solicitada a inscrición na data da petición da Subvención quedando neste caso condicionada, a concesión da subvención, a que sexa efectiva a inscrición no Rexistro.

Os colexios do Municipio e as agrupacións sen personalidade xurídica presentarán acta de constitución ou de nomeamento.

b).- Carecer de fins de lucro.

c).- Desenvolver parte das actividades no termo municipal.

d).- Ter domicilio social no termo municipal.

e).- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida, na convocatoria anterior, polo Concello de A Laracha, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

f).- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas ou subvención públicas segundo artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

g).- Ter como obxecto social principal a realización de actividades da mesma natureza que aquelas para as que se solicite subvención.

h).- Estar o día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

6.2.- Deportistas individuais:

a).- Estar empadroado no Concello da Laracha cunha antigüidade mínima de dous anos consecutivos no momento da solicitude.

b).- Dispoñer de licenza deportiva vixente no momento da convocatoria expedida pola federación deportiva correspondente.

c).- Participar en eventos/probas/competicións oficiais de ámbito **autonómico, estatal ou internacional** e destacar nos resultados das competicións.

d).- Non realizar a súa actividade deportiva como parte dun club, asociación ou entidade deportiva que resulte beneficiario da presente convocatoria.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

e).- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (art. 13, Lei 18/2003 do 17 novembro).

7.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

a).- As solicitudes presentaranse no modelo oficial establecido, as de Entidades inscritas no Rexistro Municipal e as Entidades Educativas a través da Sede Electrónica os deportistas individuais e as agrupacións sen personalidade xurídica a través do Rexistro Xeral do Concello ou da Sede Electrónica.

b).- As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación do extracto das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Si o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente o inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

c).- No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

8.- DOCUMENTACIÓN

8.1 Entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas:

a).- Solicitud segundo o modelo normalizado facilitado no rexistro, na Concellaría de Cultura, Deportes e Xuventude ou na páxina web do Concello, asinada polo presidente ou representante.

Nesta solicitude será preciso incluír unha memoria/programa detallado das actividades ou servizos para os que se solicita a subvención, no que se especifiquen as datas previstas de realización de actividades é o orzamento previsto das actividades que non superará o 80% do orzamento de gastos previsto.

b).- Fotocopia do DNI do presidente





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- c).- Fotocopia cotexada do CIF da entidade si non foi presentada en convocatorias anteriores.
- d).- Anexo I.
- e).- Anexo II.
- f).- Anexo III.
- g).- Certificación da federación ou entidade organizadora da competición onde conste o número de licenzas e o número de equipos da entidade.
- h).- Certificación Bancaria do número de conta onde se aboará o importe da subvención concedida se é distinta das convocatorias anteriores.

8.2.- Agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica (peñas).

- a).- Solicitude segundo o modelo normalizado facilitado no rexistro, na Concellaría de Cultura, Deportes e Xuventude ou na páxina web do Concello, asinada polo representante. Nesta solicitude será preciso incluír unha memoria/programa detallado das actividades ou servizos para os que se solicita a subvención, no que se especifiquen as datas previstas de realización de actividades e o orzamento previsto das actividades que non superará o 80% do orzamento de gastos previsto.
- b).- Fotocopia do DNI de todos os integrantes
- c).- Anexo III.
- d).- Anexo IV.
- e).- Certificación da entidade organizadora da competición onde conste o número de licenzas e o número de equipos da agrupación.
- f).- Certificación Bancaria do número de conta onde se aboará o importe da subvención concedida si é distinta das convocatorias anteriores.

8.3.- Documentación que deberá acompañar as solicitudes para deportistas individuais.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- a).- Solicitud segundo o modelo normalizado facilitado no rexistro, na Concellaría de Cultura, Deportes e Xuventude ou na páxina web do Concello, asinada polo deportista si é maior de idade ou polo seu titor/a legal no caso de ser menor de idade. Nesta solicitude será preciso incluír unha memoria/programa do proxecto deportivo para o ano 2024 das actividades para os que se solicita a subvención especificando as datas previstas de realización e o orzamento previsto de gastos. Esta solicitude non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto.
- b).- Fotocopia do D.N.I. do deportista e do titor/a legal si é o caso.
- c).- Volante de empadramento no Concello da Laracha no que conste a antigüidade do empadramento ou autorización conferida ao Concello da Laracha.
- d).- Fotocopia da licenza federativa en vigor ano 2024.
- e).- Historial deportivo obtido durante o ano 2023, que fará constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial deberá vir dilixenciado co visto e prace da federación deportiva correspondente.
- f).- Anexo I
- g).- Anexo II

9.- CRITERIOS DE VALORACION E DETERMINACIÓN DA CUANTÍA DA SUBVENCIÓN.**9.1.- Subvencións para actividades educativas**

Cada solicitante poderá obter 120 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función do número de alumnos/as do centro educativo ou número de socios no caso das ANPAS: 50 puntos como máximo.

0-50 alumnos/as	5 puntos
51-100 alumnos/as	10 puntos
101-200 alumnos/as	15 puntos



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

201-300 alumnos/as	20 puntos
301- 400 alumnos/as	30 puntos
401-500 alumnos/as	40 puntos
+500 alumnos/as	50 puntos

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 40 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 20 puntos.
- Por levar a cabo actividades e programas de carácter continuado e non ocasional: 10 puntos.

9.2.- Subvencións para actividades culturais:

Cada solicitante poderá obter 120 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 50 puntos.
- Por levar a cabo actividades de carácter continuado e non ocasional: 10 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 50 puntos.

-En función o número de socios/as da entidade: 10 puntos máximo

+100 socios/as	10 puntos
-100 socios/as	5 puntos

9.3.- Subvencións para actividades deportivas

Cada solicitante poderá obter 120 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades, así como as organizadas no termo municipal, que se detallarán na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 30 puntos.
- Por tratarse de entidades federadas para competición en equipo: 30 puntos, entidades federadas para competición individual: 10 puntos e no caso de agrupacións non federadas: 5 puntos.
- Por ámbito da competición: máximo 10 puntos
- En función do nº de licenzas ata un máximo de 30 puntos

Licenza de competición individual	0.1 puntos por licenza
Licenza de competición en equipo (en deportes nos que non exista individual)	0.3 puntos por licenza

- Por contar con categorías inferiores que compitan en equipo: 5 puntos por cada categoría inferior, cun máximo de 20 puntos.

9.4.- Subvencións para actividades deportivas – Deportistas individuais:

Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 40 puntos.
- Relevancia da modalidade deportiva e Nivel da competición:

Internacional 20 puntos	Estatal 15 puntos	Autonómica 10 puntos
-------------------------	-------------------	----------------------

- En función dos resultados obtidos no historial deportivo do ano 2023: 20 puntos máximo.

1º a 4º clasificado competición Internacional 20 puntos	1º a 4º clasificado competición Estatal 10 puntos	1º a 4º clasificado competición Autonómica 5 puntos
--	--	--

- En función dos medios que se precisen para desprazar o material necesario de competición, 20 puntos.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Material: bolsas deportivas, cañas, palas, aletas, patíns,...	10 puntos
Material: enganche transporte de bicis, bacas,	15 puntos
Material: carrito para transportar quads, kayak,,	20 puntos

En base ós criterios anteriormente expostos, a Comisión de Valoración, establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

10.- PROPOSTAS DE SUBVENCIONES

A Comisión de valoración de Subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

- Técnico de deportes do Concello da Laracha
- Animadora Cultural do Concello da Laracha
- Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil do Concello da Laracha

Actuará como Secretaria Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil do Concello da Laracha

A Comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

11.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma.

A partir da proposta da Comisión de valoración informada pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de dous meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O acordo de outorgamento de subvencións será notificado a cada unha das persoas ou entidades solicitantes ou publicado no taboleiro de editos da sede electrónica municipal de acordo co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, así como na Base Nacional de Subvencións conforme o artigo 18 da Lei 38/2003.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

12.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de A Laracha, coa expresión “colabora o Concello de A Laracha” ou de maneira visible o escudo e lenda “Concello da Laracha”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes Bases

13.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O prazo de xustificación remata o 30 de novembro de 2024. A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación do impreso normalizado no Rexistro de Entrada do Concello ou na Sede Electrónica, que recollerá unha memoria das actividades realizadas e unha relación de ingresos e gastos totais obtidos, ao que se unirá a seguinte documentación:

- Certificación do secretario da entidade no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

- Copia dos carteis ou fotografías que anuncien as actividades subvencionadas nos que conste a expresión “colabora o Concello da A Laracha” ou de maneira visible o escudo e lenda “Concello da Laracha”.

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito xunto co xustificante de pago.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. Excepcionalmente se poderá pedir o cotexo dos documentos nos casos do artigo 28.5 da Lei 39/2015. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.
- Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”. As facturas viran acompañadas do xustificante bancario si este é o medio de pago ou asinadas e cuñadas polo establecemento de facturación no caso de ser pagas en efectivo.

Unicamente serán obxecto de subvención as que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por resolución de Alcaldía iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

14.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

15.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como a Base 42.4 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2024.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria das subvencións reguladas nas citadas bases.

TERCEIRO.- Enviar as bases e a convocatoria aprobadas á Base de Datos Nacional de Subvencións para que lle dea a oportuna publicidade no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución aos servizos económicos do Concello da Laracha.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.

